

TRAMPA DE VELUTINA

MATERIAL NECESARIO

- Botella de plástico de 1,5 ou 2 litros.
- Tesoiras.
- Cervexa negra, viño branco, zume, azucre,
- Arame grosso.

OBXETIVO

Construír unha trampa para cazar as avespas velutinas raíñas.

FUNDAMENTO

A *Vespa velutina* está a supor un grave problema para a nosa comunidade. Dende fai uns anos estanse a incrementar de xeito incontrolado os seus niños, co prexuízo que isto supón para as avespas autóctonas e, por conseguinte, para os nosos ecosistemas. É unha traballo de todos contribuír a eliminación desta praga e un dos xeitos é construír trampas que, a partir do mes de marzo, poidan capturar as raíñas de velutina e así evitar que constrúan os seus niños e sigan a proliferar.

MÉTODO

1. As trampas constrúense empregando botellas de 1,5 ou 2 litros. Nos laterais realízanse buratos pequenos de 5 mm de diámetro para que poidan saír insectos distintos da avespas. No tapón realízase un burato de 7 mm para que poida entrar a avespas.
2. Córtese a parte superior da botella.
3. Bótase unha mestura de atraente na botella que será renovado cada 7 – 15 días. O atraente podémolo elaborar coa seguinte mestura:
 - Cervexa negra (unha lata).
 - Un vaso de viño branco.
 - Unha culler de xarope ou zume.
 - Azucre.
4. Colócase a parte cortada cara abaixo a modo de embude.
5. Pásase un arame, que pode servir ademais para suxeitar unha cuberta ou tapa de trampa (impedindo que entre auga de choiva) e para colgala. A trampa debe colocarse a unha altura de 1,5 metros aproximadamente.
6. A avespas vese atraída polo líquido e entra na botella.

ACTIVIDADES

CONSTRUÍR A TRAMPA.